

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 16 DE MAIO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito sobrante da LU-540 en forma de "V" cunha lonxitude aproximada de 560 metros a prol do Concello de Ouroi.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en produción en moldeamento de metais e polímeros.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en produción de audiovisuais e espectáculos.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia para o ano 2013, por un importe de un millón setecentos trinta e oito mil setecentos sesenta e un euros (1.738.761,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello do Porriño e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento e execución das obras do Proxecto de actuacións prioritarias no saneamento do Porriño (Pontevedra), así como a formalización da encomenda de xestión para o mantemento e conservación das ditas obras, por importe de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Traballo e Benestar, a Axencia Galega de Innovación, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, o Clúster da Saúde de Galicia, a Fundación Ramón Domínguez, a Fundación Novoa Santos e a Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario de Vigo, para a constitución da agrupación *KICGallaecia*.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Internacional Josep Carreras*, para a loita contra a leucemia, por un importe de trescentos vinte e tres mil setecentos euros (323.700,00 euros).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe polo que se dá conta da Orde do 10 de maio de 2013, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre tesourería e evolución de pagamentos en 2013.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federación, para a incentivación da demanda comercial en desenvolvemento do Plan Ágora, Agora Re-comercia 2010-2013.
- Informe sobre a convocatoria de axudas, mediante a Resolución do 3 de decembro de 2012, aos proxectos de investimento empresarial con financiamento procedente de Fondos Comunitarios do Programa Operativo Feder-Galicia 2007-2013.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do marco do Programa Operativo Feder-Galicia 2007-2013.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Plan de prevención da violencia laboral de orixe externa.

## **A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE OUROL UN TREITO DA ESTRADA LU-540 (VIVEIRO-CABREIROS)**

- ***A solicitude do cambio inclúe un treito sobrante que enlaza co tramo xa transferido da antiga estrada C-640 desde os punto quilométrico 15 + 000 ata o cruzamento dos Colviños***
- ***A entrega do tramo formalizarase no prazo de dous meses tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito sobrante da estrada LU-540 (Viveiro-Cabreiros) a prol do concello de Oourol, adquirindo características municipais.

A solicitude de cambio de titularidade, solicitada polo concello, inclúe un treito sobrante da estrada autonómica en forma de "V" cunha lonxitude aproximada de 560 metros, e que se une co tramo xa transferido da antiga estrada C-640 desde o PQ:15 + 000 ata o cruzamento dos Colviños situado no PQ:15 + 760 da actual LU-540.


A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considerou axeitado este cambio de titularidade tendo en conta que o treito sobrante transferido non resulta necesario para conformar ningún eixo de articulación territorial ou garantir a accesibilidade a un asentamento de poboación, así como tampouco supón deixar un treito illado sen capacidade de xestión.

A entrega do tramo formalizarase, no prazo de dous meses tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), e o Concello de Oourol converterase no responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do vial; así como do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra.

Os cambios de titularidade das estradas están reguladas no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro de 1994, de estradas de Galicia. De acordo con este artigo os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Cumprindo o exposto, o Concello de Oourol deberá incorporar ao seu Plan de estradas o treito sobrante da LU-540 (Viveiro-Cabreiros).





## **CULTURA E EDUCACIÓN ADAPTOU XA 65 CURRÍCULOS DE FP ÁS NECESIDADES DO TECIDO SOCIOPRODUTIVO DE GALICIA**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos novos plans de estudo dos títulos de técnico superior en produción en moldeamento de metais e polímeros, e aos de técnico en realización e de técnico en produción de proxectos audiovisuais e espectáculos*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria leva xa adaptados 65 currículos de ciclos formativos ás necesidades do tecido socioproductivo de Galicia, o que supón unha aposta do departamento educativo da Xunta de Galicia por estas ensinanzas como un factor diferenciado para o acceso ao mundo laboral. O Consello da Xunta deu hoxe un novo impulso a ese proceso coa aprobación da adaptación de tres novos currículos ás esixencias da Lei das cualificacións profesionais, en concreto o de técnico superior en produción e moldeamento de metais e polímero, e mais aos de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, e o de produción de proxectos audiovisuais e espectáculos.

Desta forma, avánzase no obxectivo de adecuar os plans de estudo dos ciclos para que os seus titulados sexan profesionais demandados e preparados para facer medrar a economía galega.

### **Metais e polímeros**

Dos novos currículos aprobados hoxe, o correspondente ao título de técnico superior en programación da produción en moldeamento de metais e polímeros ten como fin formar a profesionais capaces de planificar, programar e controlar a fabricación por fundición, pulvimetalurxia e transformación de plásticos e de materiais compostos, partindo da documentación do proceso e as especificacións dos produtos que haxa que fabricar, asegurando a calidade da xestión e dos produtos, así como o mantemento dos sistemas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

Os titulados neste ciclo de grao superior poderán desenvolver o seu labor profesional en sectores afíns á fabricación por fundición, por pulvimetalurxia e por transformación de polímeros e materiais compostos, relacionadas cos subsectores de transformación de metais e polímeros encadrados no sector industrial, nas funcións de planificación do proceso productivo. Poderán ocupar postos de técnico en proceso, en laboratorio de control de transformación de polímeros de fabricación, técnico de aprovisionamento, ou de desenvolvemento de produtos e moldes. Tamén poderán exercer como encargado de envasamento, de vulcanización, de acabamentos, de operacións previas e de mestura, das seccións de fabricación e recauchutado de pneumáticos, e de persoal en áreas como as de fabricación de produtos de caucho e materiais plásticos, moldeamento,

recauchutado e verificación de fabricación de pneumáticos. Así mesmo, os titulados nestas ensinanzas contarán coas competencias precisas para traballar como programadores da produción e de sistemas automatizados.

### **Realización e produción de audiovisuais**

O novo currículo do título de técnico superior en realización de proxectos audiovisuais e espectáculos busca que os estudantes adquiren as competencias para organizar e supervisar a preparación, a realización e a montaxe de proxectos audiovisuais filmados, gravados ou en directo, así como rexer os procesos técnicos e artísticos de representacións de espectáculos en vivo e eventos, coordinando os medios técnicos e humanos, e controlando o contido, a forma, o proxecto artístico e a calidade establecida. Pola súa banda, o ciclo de grao superior en produción de audiovisuais e espectáculos, trátase dun ciclo formativo pensado para formar profesionais capaces de planificar, organizar, supervisar e xestionar os recursos económicos, materiais, técnicos e humanos para a produción de audiovisuais, espectáculos e eventos, asegurando o cumprimento dos plans ou obxectivos da produción, no tempo e nas condicións de custo e calidade establecidas.

As persoas que obteñan estes títulos de técnico superior poderán exercer a súa actividade no sector da produción de calquera tipo de programa audiovisual, así como na produción de espectáculos (artes escénicas, producións musicais e eventos). No caso do ciclo de técnico en realización, os seus titulados poderán desenvolver o seu labor como axudantes de dirección en cine, e de realización de vídeo e de televisión; ademais de como rexedores de espectáculos en vivo, de eventos e de paredes; como montadores e editores de cine; e como responsables de área de audiovisuais en empresas alleas á actividade. No caso do ciclo formativo en produción, os seus titulados poderán desempeñar responsabilidades como a de axudante de produción de cine, vídeo, televisión, animación, multimedia, radio ou de espectáculos en vivo e eventos, así como de xefe de produción de espectáculos en vivo e eventos, e como xerente de compañía.

## **A XUNTA RENOVA A COLABORACION CO MINISTERIO DO INTERIOR NA SEGURIDADE DOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS**

- ***Realizarán esta vixilancia 203 efectivos: 122 gardas civís en situación de reserva e 81 membros do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade ou en activo se teñen máis de 58 anos de idade e 25 anos de servizo***
- ***O convenio prevé un investimento de 1,7 millóns e aproveita a experiencia das forzas e corpos de seguridade do Estado na vixilancia e protección de edificios***

O Consello da Xunta autorizou hoxe na súa xuntanza semanal un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio do Interior en materia de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza na nosa comunidade para este ano, por 1,7 millóns de euros, polo cal un total de 203 axentes da Policía Nacional e Garda Civil custodiarán as instalacións xudiciais galegas.

O obxecto deste convenio é a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de Xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou activo, neste caso deberán ter un mínimo de 58 anos de idade e 25 anos de servizo efectivo no Corpo Nacional de Policía; e así aproveitar a experiencia destes axentes na vixilancia e protección das instalacións e edificios xudiciais da Administración de Xustiza de Galicia.

No convenio, fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais para este ano. Deste xeito, destínanse un total de 203 efectivos: 81 membros do CNP en segunda actividade e 122 gardas civís en situación de reserva. Dos 81 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 72 distribuiranse da seguinte maneira: 14 funcionarios para A Coruña - edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal-, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e para a antiga Cámara de Comercio, 9 para o edificio dos xulgados da Parda de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.

Dos 122 gardas civís en situación de reserva, 10 integrarán o cadro de mando. 52 estarán na Unidade de protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña: 18 na Coruña, 9 en Santiago, 5 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón. 12 na Comandancia de Lugo: 2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba. 16 na de Ourense: 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 na Pobra de Trives, 2 en



Ribadavia, 2 en Xinzo e 2 en Verín. E 32 efectivos na Comandancia de Pontevedra: 5 na Audiencia Provincial, 3 para Vigo, 4 para Cambados, 4 para Cangas, 4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 3 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Ponteareas e 3 para Tui.

Doutra banda, o convenio tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección será de 24 horas do día en servizo permanente no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e de 07.30 a 22.00 horas nas sedes das audiencias provinciais e dos xulgados con garda de permanencia. Neste último caso, os sábados o horario será de 09.00 a 14.30 horas e de 17.00 a 20.30 horas, mentres que os domingos e festivos só hai vixilancia polas mañás en horario de 09.30 a 14.30 horas. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada, de luns a venres, de 7.30 a 15.00 horas.

## **EFFECTIVOS QUE REALIZARÁN EN 2013 AS FUNCIÓNS DE VIXILANCIA E PROTECCIÓN DAS SEDES XUDICAIS GALEGAS (203 funcionarios)**

### ➤ **Persoal do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade (81 funcionarios)**

- Equipo de mando (9 funcionarios)
  - 1 funcionario de escala superior
  - 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
  - 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)
  
- Escala básica (72 funcionarios)
  - A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados do contencioso-administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal): 14 funcionarios
  - Ferrol: 7 funcionarios
  - Ribeira: 4 funcionarios
  - Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
  - Monforte de Lemos: 2 funcionarios
  - Viveiro: 2 funcionarios
  - Ourense (Pazo de Xustiza e anexo –antiga Cámara de Comercio–): 9 funcionarios
  - Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 9 funcionarios

- Marín: 2 funcionarios
- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

➤ **Persoal da Garda Civil en situación de reserva (122 efectivos)**

- **Cadro de Mando (10 efectivos)**
  - 1 coronel (nivel autonómico)
  - 4 capitáns (nivel provincial)
  - 5 suboficiais (nivel provincial)
  
- **Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña (52 efectivos da categoría de cabos/gardas)**
  - A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 18 efectivos
  - Santiago de Compostela: 9 efectivos (2 edificios)
  - Betanzos: 5 efectivos
  - Carballo: 4 efectivos
  - Arzúa: 2 efectivos
  - Corcubión: 2 efectivos
  - Muros: 2 efectivos
  - Negreira: 2 efectivos
  - Noia: 2 efectivos
  - Ordes: 2 efectivos
  - Ortigueira: 2 efectivos
  - Padrón: 2 efectivos
  
- **Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo (12 efectivos da categoría de cabos/gardas)**
  - Becerreá: 2 efectivos
  - Chantada: 2 efectivos



- A Fonsagrada: 2 efectivos
- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos
  
- Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense (16 efectivos da categoría de cabos/gardas)
  - Bande: 2 efectivos
  - O Barco de Valdeorras : 2 efectivos
  - O Carballiño : 2 efectivos
  - Celanova: 2 efectivos
  - A Pobra de Trives: 2 efectivos
  - Ribadavia: 2 efectivos
  - Xinzo de Limia: 2 efectivos
  - Verín: 2 efectivos
  
- Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra (32 efectivos da categoría de cabos/gardas)
  - Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 5 efectivos
  - Vigo (sede seccións da Audiencia Provincial): 3 efectivos (o servizo préstase no edificio vello dos xulgados, durante os días laborables de luns a venres e en horario de 8.00 a 15.00 horas, por ser destinados con este labor)
  - Cambados: 4 efectivos
  - Cangas: 4 efectivos
  - O Porriño: 4 efectivos
  - Caldas de Reis: 2 efectivos
  - A Estrada: 3 efectivos (un destes efectivos compensará unha baixa por xubilación no xulgado de Lalín)
  - Lalín: 2 efectivos
  - Ponteareas: 2 efectivos

- Tui: 3 efectivos (un destes efectivos compensará unha baixa por xubilación no xulgado de Lalín)

## **A XUNTA COLABORA COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA E O CONCELLO DO PORRIÑO NA DOTACIÓN DE SANEAMENTO A VARIAS PARROQUIAS DESTE MUNICIPIO CO FIN DE EVITAR OS VERTIDOS AO RÍO LOURO**

- *O obxectivo deste proxecto é prover de saneamento as parroquias de Carracido, Cans, Budiño, Torneiros, Mosende, Pontellas e Chenlo para levar as residuais ata os colectores da rede do Louro e dirixilas á EDAR de Guillarei*
- *Augas de Galicia achega máis de 600.000 euros para cofinanciar esta actuación hidráulica cuxo orzamento ascende a preto de 2,6 millóns de euros*
- *Estas obras enmárcanse no proxecto de saneamento dos concellos da bacía do Louro, en cuxo financiamento participa a Xunta, promovendo ademais o desenvolvemento dun consorcio entre os municipios beneficiarios do sistema*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, o Concello do Porriño e a Confederación Hidrográfica Miño- Sil, para o financiamento e execución das obras prioritarias no saneamento deste municipio pontevedrés, así como a formalización da encomenda de xestión para o mantemento e conservación das citadas actuacións.

A Consellería de Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, achega un importe de máis de 600.000 euros para cofinanciar estas obras hidráulicas cuxo orzamento ascende a preto de 2,6 millóns de euros.

O obxectivo fundamental deste proxecto é dotar de saneamento ás parroquias de Carracido, Cans, Budiño, Torneiros, Mosende, Pontellas e Chenlo, todas pertencentes ao Concello do Porriño. Estes núcleos, ao carecer dun sistema de saneamento axeitado, actualmente verten as súas augas residuais ao río Louro, sendo esta unha situación que non pode perdurar.

As actuacións pretenden reconducir as augas residuais destas parroquias ata os colectores existentes da rede de saneamento do Louro e dirixilas ata a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Guillarei, situada no Concello de Tui. Con estas accións evítaranse os vertidos incontrolados que afectan na actualidade o bo estado ecolóxico do citado río, así como ao LIC das Gándaras de Budiño.

Este proxecto enmárcase dentro das actuacións para o saneamento dos concellos da bacía do río Louro, nas que a Xunta non só participa no financiamento das infraestruturas do sistema de saneamento e depuración do río senón que tamén promove a creación e desenvolvemento dun consorcio participado polo municipios beneficiarios do sistema.



O Convenio establece as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia, o Concello do Porriño e a Confederación Hidrográfica do Miño Sil, para o financiamento, a execución, e a entrega e mantemento e conservación das obras.

Por unha parte, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil realizará as xestións administrativas precisas para a obtención de terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de obras, as súas modificacións e posibles obras complementarias, a través do procedemento de expropiación forzosa. Así mesmo, tamén licitará e xestionará o contrato de obra.

Por outra parte, Augas de Galicia participa no financiamento da actuación mediante unha subvención a favor da Confederación, asumindo a achega da cofinanciación dos fondos europeos que dedica o Estado para a execución das obras. A achega da Xunta de Galicia corresponderase con fondos obtidos a través do Canon da Auga, que fai posible este tipo de investimentos do Estado con Fondos Europeos en Galicia.

Finalmente, o Concello do Porriño asumirá a xestión, conservación e mantemento das infraestruturas que resulten da execución da actuación.

## **NACE KICGALLAECIA, QUE AGRUPARÁ A CANDIDATURA CONXUNTA AO KIC EUROPEO DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E VIDA SAUDABLE**

- *A participación neste KIC constituirá unha oportunidade para Galicia, tanto polo aumento da competitividade no ámbito empresarial e investigador, como pola oportunidade de acceder a unha liña de financiamento*

A Xunta de Galicia está a traballar na creación dunha agrupación, denominada KICGallaecia, co fin de desenvolver unha candidatura conxunta ao KIC europeo (agrupación de coñecemento e innovación, polas súas siglas en inglés) de envellecemento activo e vida saudable.

Neste eido, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asinan o convenio de colaboración xunto coa Consellería de Traballo e Benestar; a Axencia Galega de Innovación; as universidades de Santiago, Coruña e Vigo; así como co Clúster da Saúde de Galicia, as fundacións Ramón Domínguez de Santiago de Compostela, a Novoa Santos da Coruña e a Biomédica de Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Isto supón unha importante oportunidade para Galicia xa que é unha das rexións españolas con maior porcentaxe de persoas maiores, un 22,5% fronte ao 17,2% do conxunto do Estado Español; así como con maior taxa de dependencia, 112,9 por mil habitantes respecto á media española de 89,7. Estes factores fan que unha ampla poboación de pacientes sexan crónicos e pluripatolóxicos. Ademais, distribúense nun ámbito xeográfico de forte dispersión poboacional, o que dificulta a atención e sustentabilidade dos servizos sociosanitarios.

A participación neste KIC de envellecemento activo e vida saudable constituirá unha oportunidade para Galicia, tanto polo aumento da competitividade no ámbito empresarial e investigador, como pola oportunidade de acceder a unha liña de financiamento altamente flexible e orientada a resultados.

Así, permitiría a posibilidade de desenvolver diferentes proxectos que favorecerían unha mellora da calidade de vida e da saúde, especialmente para as persoas maiores, incrementándose a esperanza de vida libre de dependencia; e un incremento da sustentabilidade a longo prazo do sistema sanitario e asistencial a través de solucións innovadoras e a mellora coordinación de actividades.

### **Tipos de KIC**

Os KIC son comunidades de coñecemento (Knowledge and Innovation Communities) que poden comprender desde programas específicos de formación superior a proxectos de I + D + I empresarial ou mecanismos de apoio ao emprendedurismo entre outros.

O obxectivo que se persegue con estes KIC é que se convirtan en axentes clave do crecemento económico sustentable e a competitividade europea a través da xeración de dinámicas de innovación de referencia mundial.

Na actualidade, existen 3 KIC, vinculados á enerxía (KIC Innoenergy), cambio climático (Climate KIC) e desenvolvemento TIC (ICT Labs), e no 2014 incorporaranse outros 3 novos, un dos cales será o correspondente ao envellecemento activo e á vida saudable.

A convocatoria promóvese a través do European Institute of Innovation and Technology, organismo da Unión Europea que ten como misión aumentar o crecemento europeo sustentable e a competitividade industrial reforzando a capacidade de innovación da UE.

## **SANIDADE ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DOAZÓN DE MÉDULA ÓSEA**

- ***A conselleira de Sanidade informou ao Consello da Xunta da sinatura deste acordo coa Fundación Internacional José Carreras***

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asinarán un convenio de colaboración coa *Fundación Internacional José Carreras* en favor da doazón de medula ósea. O obxectivo é mellorar a atención dos pacientes que precisen un tratamento con transplante de proxenitores hematopoéticos e, polo tanto, conseguir que ningún paciente galego quede sen posibilidade de curación.

O transplante aloxénico non emparentado é un tipo de transplante de proxenitores hematopoéticos que se produce cando non podemos usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia, polo que hai que buscalo en calquera parte do mundo.

Cando se dá esta situación, iníciase unha busca a nivel mundial a través da *Rede Española de Doadores de Médula Ósea (REDMO)*, que é o procedemento estándar neste tipo de casos en todo o mundo. O sistema de busca de doadores, coordinado cos organismos nacionais -a *Rede Española de Doantes de Médula Ósea e a Organización Nacional de Transplantes* - permite garantir a equidade de calquera paciente no acceso a doazón e avala, tras anos de funcionamento, a eficiencia contrastable deste sistema, que hoxe en día é incuestionable desde calquera ámbito, tanto clínico, como administrativo, organizativo ou social, e que constantemente é validado con importantes e continuos recoñecementos internacionais. Este sistema ponse como exemplo da boa práctica, da súa rede de alerta, así como polo seu carácter anónimo e gratuito.

En España, isto faise a través da *Fundación Josep Carreras*. Para este tipo de transplantes a fonte das células pode ser a medula ósea, o sangue periférico ou ben o sangue de cordón umbilical.

En Galicia realizouse este tipo de transplante por primeira vez no ano 2008 e ata o 1 de xaneiro deste ano leváronse a cabo un total de 117.

### **Tipos de transplantes de médula ósea**

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles nos que se usan as células do propio paciente. Desta forma realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles nos que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles.

Os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles nos que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia.



## **O FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL AMPLÍA O FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES AO 50% E AS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

- *Estas son as principais novidades da orde 2013, que tamén contempla incentivos para as solicitudes conxuntas e as entidades en proceso de fusión municipal*
- *A Xunta puxo en marcha este Fondo hai catro anos, permitindo por vez primeira aos concellos galegos beneficiarse directamente da explotación de enerxía eólica*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a orde que regula os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental (FCA) destinadas a entidades locais de Galicia. A orde para este 2013 presenta dúas novidades principais: o aumento do financiamento de gastos correntes e a ampliación dos proxectos susceptibles de recibir subvencións.

Segundo se desprende da orde, a porcentaxe de financiamento de gastos correntes amplíase do 33 ao 50 por cento, na liña de concorrencia non competitiva. Ademais, este ano a orde recolle como gastos subvencionables os custos de persoal propio da entidade beneficiaria que se imputen ao desenvolvemento dos proxectos de investimento.

A segunda novidade da orde é o aumento do catálogo de proxectos subvencionables, que agora se amplía aos Centros de interpretación do ambiente e aulas da natureza; parques-escolas infantís que teñan como contido ou característica principal a utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais; paseos, áreas recreativas e rutas de sendeirismo que se sitúen ou transcorran por zonas con valores ambientais; e puntos limpos e centros de reciclaxe de residuos.

Igualmente, tamén será obxecto de subvención a adquisición de vehículos eléctricos e de policía local ou protección civil que contén con equipamento especial para o desenvolvemento de tarefas no eido ambiental. Este último suposto, refírese aos sonómetros para efectuar as medicións de ruídos molestos e insalubres e ao equipamento para toma de mostras, tanto sólidas como líquidas, nos casos de residuos e verteduras.

### **Fomento dos proxectos compartidos**

Desde o ano pasado, a orde de axudas do Fondo de Compensación Ambiental incentiva os proxectos de xestión compartida entre concellos para a realización de actuacións destinadas á realización de actuacións de investimento que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego.

Neste exercicio, co fin de continuar fomentando os proxectos conxuntos ou de xestión compartida e para incentivar procesos de fusión municipal, na valoración das solicitudes presentadas na liña en concorrencia competitiva, resérvanse ata 30 puntos sobre un

máximo de 100 que comprende o baremo para estas solicitudes conxuntas e para aquelas en que participen entidades en proceso de fusión municipal.

### **Dúas liñas de axudas**

Como vén sendo habitual, a orde inclúe dúas liñas de axudas diferenciadas: en concorrencia non competitiva e competitiva. A primeira das subvencións está destinada a aqueles concellos cuxo territorio municipal se atope dentro dunha poligonal de delimitación dun parque eólico, así como polos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación. A petición poderá realizarse tanto de forma individual como mediante o sistema de xestión compartida.

Pola súa banda, a segunda liña de axudas é de natureza competitiva e poderán optar a ela todos os concellos galegos, agrupacións ou asociacións de concellos, mancomunidades e consorcios locais de Galicia.

As subvencións concedidas poderán acadar un importe equivalente ao 80 por cento do orzamento presentado, cun máximo de 32.000 euros por solicitude para os concellos e un importe máximo de 80.000 euros no caso de mancomunidades, consorcios locais e agrupacións e asociacións de concellos.

### **Un fondo do canon eólico**

O Fondo de Compensación Ambiental foi unha iniciativa posta en marcha en 2010 pola Xunta que permitiu por vez primeira aos concellos galegos beneficiarse directamente da explotación de enerxía eólica en Galicia; posto que se financia a través do 'canon eólico'. Ademais, contribúe a reparar o impacto ambiental e paisaxístico derivado da instalación de parques eólicos e aplícase a actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente.

O Fondo representa o forte compromiso do Goberno galego coas facendas locais e o medio ambiente, ademais de ser unha clara mostra da aposta da Xunta polo reequilibrio territorial, xa que beneficia sobre todo municipios pequenos e do interior de Galicia e supónlles, ano tras ano, unha importante fonte de ingresos nestes momentos de dificultades económicas.

## **A XUNTA PAGOU DE MEDIA EN 28,2 DÍAS AS SÚAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2013**

- *A Administración galega mantén como prioridade o gasto de carácter social e a atención a pequenos provedores, autónomos e pemes*
- *Desde o 1 de xaneiro de 2013, levou a cabo 80.400 pagamentos na Administración xeral e no Sergas por máis de 3.200 millóns de euros*
- *Segue axilizando os pagamentos a centros docentes, farmacias, Risga ou transporte escolar*
- *A cantidade aboada ata agora a empresas, particulares e institucións representa o 5,8% do PIB autonómico*
- *A Xunta tamén atendeu o anticipo da paga extra de xuño, que beneficiou a 11.400 empregados públicos*
- *Galicia non precisou acudir ao mecanismo estatal de pago a provedores e conseguiu completar nun trimestre o programa anual de endebedamento de 2013*

A Xunta de Galicia pagou de media en 28,2 días as súas facturas correspondentes ao exercicio 2013, dándolle prioridade aos pequenos provedores, os empresarios autónomos, ás pequenas e medianas empresas e ás entidades sociais co fin de achegar liquidez a estes colectivos. No que vai de ano, a Administración autonómica atendeu pagamentos por un importe de 3.236 millóns de euros.

Segundo recolle nun informe presentado ao Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, o Goberno galego formalizou desde o 1 de xaneiro de 2013 preto de 80.400 pagos. O tempo medio de pago das facturas da Administración xeral correspondentes ao actual exercicio situouse neste periodo en 28,2 días.

Ademais, os máis de 3.200 millóns de euros xa pagados pola Administración galega no que vai de ano permitiron atender gastos como as nóminas do persoal da Xunta; as universidades; a Risga; o Fondo de Cooperación Local; os gastos de funcionamento dos centros educativos; o transporte escolar ou os libros de texto.

En canto ao ámbito social, tamén se levaron a cabo os pagamentos correspondentes aos centros hospitalarios concertados; o pagamento da farmacia, e a atención á dependencia e discapacitados.

No informe da Consellería de Facenda destácase que a cantidade aboada ata o momento a empresas, particulares e institucións por parte da Xunta representa o 5,8% do PIB autonómico. Ademais, conséntase unha redución do 46% dos pagos pendentes respecto ao mesmo periodo do ano anterior.

Entre os pagos realizados pola Administración galega no que vai de 2013 figura tamén o anticipo da paga extra de xuño á nómina correspondente ao mes de xaneiro para

aqueles traballadores que así o solicitaron. Case 11.400 empregados públicos beneficiáronse desta medida, impulsada grazas á situación de solvencia desta comunidade.

### **Completado o programa de endebedamento**

A posición de solvencia de Galicia demóstrase tamén no feito de que a Comunidade galega non precisou utilizar o mecanismo estatal de pago a provedores posto en marcha polo Executivo central durante 2012, nin tampouco necesitou acudir á ampliación deste fondo aprobada este ano.

Ademais, Galicia foi quen de completar nun só trimestre o programa anual de endebedamento de 2013, o que a convirte na primeira autonomía que o consegue. A Comunidade galega se está a financiar no mercado con normalidade e non precisou acudir ao Fondo de Liquidez Autonómico, un mecanismo habilitado polo Goberno central para as autonomía con problemas para obter financiamento, situación que non está a sufrir Galicia.

## **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR O LABOR DAS FEDERACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES**

- *Os apoios para as actuacións de dinamización e de incentivación da demanda comercial alcanzan un 70% do investimento e poden chegar ata os 112.000 euros*
- *O impulso ao asociacionismo é un dos eixos estratéxicos da actuación de Economía e Industria para a mellora competitiva do comercio de proximidade*
- *A Consellería ten abertas convocatorias de axudas por un total de 8 millóns de euros para impulsar o sector como clave para a reactivación da economía das nosas vilas e cidades*

A Xunta destina máis de 1,2 millóns de euros a apoiar o labor que desenvolven as federacións de comerciantes e asociacións de ámbito superior ao municipal na dinamización da demanda comercial e a posta en marcha de actuacións encamiñadas á promoción das vendas. A convocatoria, da que hoxe se informou no Consello da Xunta, enmárcase na estratexia de impulso á mellora competitiva do comercio de proximidade que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria, que con esta nova liña suma preto de 8 millóns de euros en axudas convocadas neste eido no que vai de ano.

A través do programa do que hoxe se informou no Consello da Xunta, ao que se destinaron máis de 6,3 millóns de euros na pasada lexislatura, financiarase o 70% dos investimentos. As axudas poden chegar ata os 112.000 euros no caso das federacións que contan con 30 ou máis asociacións federadas. Para as federacións que non alcancen este número de membros, as axudas poderán chegar ata os 32.000 euros. No caso das asociacións, a axuda será dun máximo de 10.500 euros.

O impulso ao asociacionismo comercial é un dos eixos estratéxicos do traballo de apoio da Xunta ao comercio como sector de referencia para a reactivación económica. Así, ademais do novo programa, ao que se destinaron máis de 6,3 millóns de euros na pasada lexislatura, nestes momentos está tamén aberta a liña de axudas ás asociacións de comerciantes para a dinamización dos centros comerciais abertos e as asociacións das prazas de abastos, dotada con 2,2 millóns de euros.

Por outra banda, tamén vén de presentarse a convocatoria de axudas coa que a Consellería apoia os concellos galegos na posta en marcha de actuacións para mellorar a competitividade do comercio local. O programa céntrase na adecuación e modernización das rúas e zonas comerciais ou a potenciación das prazas de abastos, e apoia por primeira vez a posta en marcha de actuacións de dinamización por parte das entidades municipais. Como novidade, prémase os proxectos de xestión compartida incrementando nun 15% a porcentaxe subvencionable para as solicitudes presentadas por varios municipios.



## **XUNTA IMPULSA A MOBILIZACIÓN DE 84 MILLÓNS DE EUROS EN GRANDES PROXECTOS EMPRESARIAIS**

- *O Igape vén de aprobar axudas por 12 millóns de euros a 15 iniciativas que supoñen a creación ou o mantemento de máis de 1.100 empregos*
- *Máis do 50% dos proxectos desenvólvense en zonas con marcos de apoio prioritario, avanzando así na cohesión territorial*
- *Contribúese á captación de investimentos internacionais, con catro proxectos promovidos por grupos empresariais de China, Francia, Dinamarca e Alemaña*

A Xunta de Galicia impulsa a mobilización de máis de 84 millóns de euros en grandes proxectos empresariais que supoñen a creación de máis de 250 postos de traballo e o mantemento de preto de 900. Tal e como se informou hoxe no Consello, a Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) vén de aprobar axudas por un total de 12 millóns de euros a 15 iniciativas empresariais a través da liña de apoios a grandes investimentos (IG100), actualmente en fase de avaliación e resolución de solicitudes.

Máis do 50% dos proxectos aprobados ata o momento a través deste programa localízanse en zonas con marcos de apoio prioritario. Neste sentido, as bases reguladoras contemplan maior valoración e unha porcentaxe superior de axuda garantida para os proxectos que se sitúen nas provincias de Lugo e Ourense e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como na Costa da Morte.

Con esta liña, que conta cunha dotación total de 46,4 millóns de euros, que se completará ao longo deste ano, contribúese á captación de investimento estranxeiro, xa que entre os 15 proxectos aprobados ata a data figuran catro promovidos por grupos de capital chinés, francés, danés e alemán, o que deixa de manifesto o interese que esperta Galicia entre os investidores internacionais.

Nos investimentos que se veñen de aprobar inclúense iniciativas en ámbitos como a industria auxiliar da automoción, a enxeñaría mecánica, o tratamento de biomasa, a construción aeronáutica, a fabricación de mobles e mobiliario urbano, a fabricación de aeroxeradores, o desenvolvemento de software, ou a industria agroalimentaria, entre outros.

Entre os obxectivos que persigue o programa, a través do cal se mobilizaron a pasada lexislatura 434 millóns de euros, está o de estimular a posta en marcha de proxectos de investimento empresarial en Galicia.

A finalidade é incrementar, manter e dinamizar a actividade económica na comunidade autónoma; favorecer o desenvolvemento equilibrado do territorio galego e lograr o incremento do emprego, a través do desenvolvemento e mellora da competitividade das

empresas existentes; así como coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

## **A XUNTA APOIA OS CONCELLOS NA MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA CON 1,5 MILLÓNS DE EUROS PARA SOTERRAMENTO DE LIÑAS**

- ***A Consellería de Economía e Industria promove, por cuarto ano consecutivo, un programa que recolle axudas de ata o 80% do investimento a realizar***
- ***Como novidade, os proxectos desenvolvidos por agrupacións ou fusións de concellos, optarán a unha maior puntuación no proceso e o tope das súas axudas poderá acadar o 95% do investimento total***
- ***Establécese a contía máxima da axuda en 100.000 euros co obxectivo de apoiar os concellos na situación económica actual***
- ***Ao remate da convocatoria máis de 100 concellos galegos terán mellorado a súa subministración eléctrica nos últimos 4 anos, grazas a un orzamento de 13 millóns de euros***

A nova orde de axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas nos concellos galegos, promovida pola Consellería de Economía e Industria, conta este exercicio cunha partida de case 1,5 millóns de euros. Trátase do cuarto ano consecutivo no que o Goberno galego promove este programa de apoio municipal que permite aos concellos da Comunidade acometer proxectos de soterramento das súas infraestruturas eléctricas, o que repercute na mellora da calidade da subministración.

A liña, da que se informou hoxe ao Consello da Xunta, prevé apoios de ata o 80% do custo subvencionable, establecendo a contía máxima da axuda por solicitude nun máximo de 100.000 euros. Ademais, e como principal novidade, os proxectos desenvolvidos por agrupacións ou fusións de concellos terán dúas vantaxes: optarán a unha puntuación ata un 30% maior no proceso competitivo para acadar as axudas, e as subvencións poderán cubrir ata o 95% do investimento total.

Deste xeito, impulsaranse infraestruturas de soterramento, tanto en obra eléctrica como en obra civil. Así, facilitarase a eliminación do impacto paisaxístico que xeran estas liñas, mellorando as súas características técnicas o que, en última instancia, supón un incremento na calidade da subministración eléctrica. A Xunta de Galicia mantén así a súa aposta pola mellora da calidade do abastecemento enerxético na Comunidade.

Así mesmo, estas obras reportan importantes beneficios sociais que contribúen ao desenvolvemento dos concellos galegos. Por este motivo, establécese anticipos de ata o 25% do gasto co obxectivo de facilitar a súa realización.

Ao remate desta convocatoria máis dun centenar de concellos galegos terán posto en marcha obras de soterramento das liñas eléctricas nos últimos catro anos, cun orzamento total de máis de 13 millóns de euros postos ao dispor das administracións locais.

Tal e como se ten feito nas anteriores convocatorias, as axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, establecendo uns criterios obxectivos para a súa concesión, nos que se valoran tanto criterios técnicos e sociais como o tipo de actuación, a tensión da liña, a proximidade a centros de interese social ou o número de habitantes dos concellos.

## APROBADA A ESTRATEXIA PARA A PREVENCIÓN E DETECCIÓN PRECOZ DA DEPENDENCIA, COA PRIORIDADE DE ALONGAR A AUTONOMÍA DOS GALEGOS

- *O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a esta folla de ruta, de carácter transversal, que converte a Galicia en pioneira na realización dunha estratexia nesta materia*
- *A iniciativa, que contén 6 áreas de actuación e 392 propostas de medidas, permitirá dar un salto cualitativo nas actuais políticas sociais*
- *Coa posta en marcha destas accións, estímase que máis de 4.000 persoas conseguirán ata 2020 previr a dependencia*
- *Establece recomendacións e orientacións para organizar o funcionamento dos distintos servizos das administracións de cara a 2020, de acordo cos obxectivos e pautas establecidos neste documento*
- *Calcúlase que por cada euro investido en prevención, se xerará unha diminución na atención de 129 euros anuais por persoa*
- *As actuacións centraranse na concienciación da cidadanía, no aumento da esperanza de vida libre de dependencia, e na mellora da calidade de vida*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á *Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, horizonte 2020*. Esta folla de ruta, de carácter transversal, prevé alongar a autonomía persoal dos galegos e galegas. Ademais, este documento converte a Galicia en pioneira á hora de establecer unha guía de actuación nesta materia.

Esta iniciativa é importante, xa que inclúe actuacións destacadas como que a propia Lei de dependencia inclúe a prevención; que a poboación de maiores vai en aumento, polo que é preciso adoptar medidas; e porque é de xustiza social garantir que o sistema vele pola mellora da calidade da vida da poboación.

Cabe destacar que, segundo as previsións, a poboación galega caerá no período 2010-2020 nun 1,95 por cento. No entanto, neste tempo o único tramo de idade que aumentará será o dos maiores de 65 anos, que medrará nun 3,35 por cento; e se se colle como referencia á poboación con dependencia, esta aumentará nun 8,14 por cento. Polo tanto, adoptar estas medidas é prioritario.

Para a elaboración do plan creáronse 8 grupos de traballo formado por distintos departamentos da Xunta e por entidades representativas do sector (de maiores, de persoas con discapacidade, colexios profesionais, FEGAMP, axentes sociais, ou institutos de estudos).

O documento elaborado, logo deste traballo, establece 6 áreas de actuación, 28 obxectivos e 392 propostas de actuación, unhas medidas coas que se estima que ata 2020 máis de 4.000 galegos conseguirán previr a dependencia. Trátase dunha serie de recomendacións que permitirán orientar a organización e funcionamento dos distintos servizos (sociais, sanitarios e educativos) de xeito que se avance na mellora nas condicións da vida das persoas en materia de saúde, previndo os factores de risco e camiñando cara á atención integral.

Deste xeito, darase un salto cualitativo nas actuais políticas sociais, para pasar do eido asistencial e de rehabilitación á prevención e detección precoz.

As seis áreas principais de actuación son: educación e concienciación da cidadanía; contribución ao aumento da esperanza de vida libre de dependencia; mellora do diagnóstico e da calidade de vida das persoas con dependencia moderada; apoio ás familias e estímulo da participación cidadá; investigación e innovación para ampliar a vida saudable e autónoma das persoas; e a mellora continua dos recursos dedicados á prevención.

A estimación é que cada euro investido en prevención xeraría unha diminución do gasto destinado á súa atención de 129 euros anuais.

### **Actuacións destacadas**

Entre as actuacións máis destacadas incluídas na estratexia, cabe salientar, entre outras, o impulso da coordinación sociosanitaria. Neste eido, cabe lembrar que xa se están desenvolvendo o Plan marco de coordinación ou a estratexia de cronicidade.

As novas tecnoloxías centran tamén gran parte das propostas. Trátase de continuar na liña xa comezada a través dos proxectos de teleasistencia avanzada como Miavizor, SAM-TV (teleasistencia a través de televisión), ou a telexerontoloxía.

Ao mesmo tempo, tamén se establecerán programas de préstamo, aluguer ou doazón de produtos de apoio mediante concertos con empresas de ortopedia e entidades do terceiro sector, así como a creación de redes de colaboración para facilitar estas operacións entre as persoas usuarias.

Outra das actuacións é a creación dun espazo informativo, a modo dun observatorio, para deseñar accións de resposta adaptadas aos colectivos destinatarios segundo grupos de idade, sexo, tipo de discapacidade ou territorio.



Tamén se levará a cabo un estudo de investigación do custo social e individual da dependencia, para poder avaliar correctamente os investimentos en prevención.

Ademais, proporase a elaboración de plans de prevención e detección precoz da dependencia nas comarcas e municipios galegos, que sigan como marco este documento.

A Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia enmárcase nas diferentes accións postas en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar nos últimos catro anos en materia de dependencia.

Deste xeito, co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos maiores galegos, a Xunta leva apostando desde a pasada lexislatura polos servizos, que comportan unha atención de máis calidade. Neste sentido, é preciso destacar que Galicia é a terceira autonomía cunha maior porcentaxe de servizos, preto do 70 por cento.

### **Melloras na xestión**

Así mesmo, leváronse a cabo na pasada lexislatura diversos avances para mellorar a xestión da dependencia. Entre as actuacións postas en marcha destacan, entre outras, unha nova ferramenta informática que permite a xestión integral de todo o procedemento; un módulo extranet aos concellos que facilita a consulta do estado de tramitación administrativa dos expedientes e solicitudes de dependencia; o expediente dixital que persegue a mellora nos tempos de resolución e na calidade de xestión; e o informe social unificado que crea un modelo común de acceso a servizos de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía.

Por último, nas iniciativas que a Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha nos últimos anos para mellorar a calidade de vida das persoas dependentes destaca a formación a cuidadores. Desde 2010, o departamento autonómico ten impartido un total de 280 cursos, o que supón a formación de preto de 7.000 persoas. Para este ano 2013 prevese a formación de 1.700 persoas máis coa posta en marcha de 75 cursos.

## **OS EPISODIOS DE AGRESIÓN A PROFESIONAIS SANITARIOS REDUCÍRONSE NUN 32% NO 2012 RESPECTO DE 2010**

- *O Plan de Prevención da Violencia Laboral ten como obxectivo a seguridade e saúde dos profesionais do Sergas, e minimizar os episodios violentos de orixe externa*

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou ao Consello da Xunta dos resultados da aplicación das actuacións que o Servizo Galego de Saúde ten en marcha para a prevención de violencia laboral no ámbito sanitario. En concreto, Rocío Mosquera destacou que os episodios de agresión a profesionais sanitarios reducíronse nun 32% no 2012 en relación con 2010. Segundo o tipo de agresión, dos 188 episodios rexistrados, un 73,9% refírese á violencia verbal ou xestual, e un 26,1% é violencia física.

A implantación das medidas do Plan de Prevención perseguen garantir a seguridade e saúde dos/as profesionais do Servizo Galego de Saúde, e en particular minimizar os episodios violentos de orixe externa.

As medidas do Plan de Prevención orientaranse á mellora da xestión dos episodios de violencia e da atención integral ao profesional dándolle apoio asistencial, xurídico, psicolóxico e institucional.

### **Botón de alerta**

O botón de alerta está dispoñible desde o ano 2009 nos centros de saúde, centros de condutas aditivas e centros de inspección; ademais, desde o ano 2011 os profesionais das urgencias hospitalarias e áreas de psiquiatría tamén dispoñen deste sistemas de aviso nos seus ordenadores que poden activar en caso de necesidade, alertando de situacións de violencia o persoal de seguridade.

Este dispositivo posibilitará a elaboración dun mapa de riscos e protocolos de seguridade, accións formativas e de concienciación para profesionais e usuarios, a extensión do sistema de alerta en novas áreas ou a busca de novas colaboracións con outras institucións.

As accións preventivas postas en marcha permiten acadar un axeitado clima laboral no desempeño das actividades dos profesionais e favorecer a estreita relación entre o persoal da administración sanitaria e o usuario, fomentando a humanización do trato que recibe o paciente, acadando así unha maior calidade asistencial.

### **Outras actuacións**

No pleno do Observatorio de Violencia Laboral, asinouse no pasado mes de marzo coas organizacións sindicais e colexios profesionais, unha Declaración conxunta de rexeitamento firme e aberto á violencia en todas as súas manifestacións.

En setembro de 2012 asinouse coa Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia un convenio de colaboración para desenvolver diferentes accións coas que garantir a protección dos profesionais, implantándose os medios e canles necesarios para informar e asesorar a todos os profesionais da sanidade acerca dos pasos a seguir en caso de sufrir unha agresión.

A colaboración entre institucións é unha das liñas de actuación definidas pola Consellería de Sanidade e así, ademais da Fiscalía, tamén se realizaron actuacións coa USC e se está a traballar cas forzas de seguridade do Estado a través da Delegación do Goberno para mellorar procedementos internos e reforzar a seguridade de todos os centros.